



COÑECE A TÚA PROVINCIA RUTA 22: RIBAS DO SIL E QUIROGA

MÉRCORES 9 DE ABRIL DE 2025 – SAÍDA HACIA LUGO 9:00 HORAS

DENDE A CASA DA CULTURA DE VILALBA

PRAZO DE INSCRICIÓN: DO 22 DE MARZO AO 1 DE ABRIL DE 2025 (ATA AS 18:00 H.)



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA) foi admitido para participar no Programa “Coñece a túa Provincia’2025”, convocado pola **Deputación de Lugo**, co seguinte **CONTIDO** (sempre suxeito a algún cambio):

- A viaxe terá lugar o mércores 9 de abril de 2025, con saída dende a Casa da Cultura de Vilalba ás 9,00 horas.
- Ás 10:00 terá lugar unha visita ao Paza de San Marcos.
- A continuación levarase a cabo o Programa da Ruta concedida:
- **RUTA 22 (RIBAS DO SIL E QUIROGA):** Visita á abadía de San Clodio e ao centro de interpretación da minería aurífera en Ribas de Sil. Visita ao Xeomiradoiro de Campodola. Visita a unha adegá.
- **SERVIZOS INCLUÍDOS:** A excursión será de balde e incluírá transporte, guía acompañante, xantar (menú pechado cun primeiro prato, segundo prato, sobremesa, café ou infusión e as bebidas indicadas o propio día da excursión), entradas aos lugares de visita e seguro de viaxeiros.

**Recoméndase a todas as persoas participantes levar roupa e calzado cómodo/deportivo para a xornada de excursión.*

Por todo elo, o Instituto de Estudos Chairegos abre un **prazo de inscrición** para socios/as do Iescha e para persoas non asociadas, coas seguintes consideracións:

PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

- PRAZAS CONCEDIDAS: 23
- PRAZAS QUE SE POÑEN A DISPOSICIÓN DE SOCI@S E NON SOCI@S: 20
- Nº DE PRAZAS RESERVADAS: 3 (PARA A ORGANIZACIÓN)
- PRAZO DE INSCRICIÓN: **DO 22 DE MARZO AO 1 DE ABRIL DE 2025** (ata as 18:00 horas)
- MEDIO DE INSCRICIÓN: **SOLICITUDE AO CORREO ELECTRÓNICO DO IESCHA** estudoschairegos@gmail.com (único medio)
- NÚMERO MÁXIMO DE PERSOAS EN CADA SOLICITUDE: 2
- DATOS OBRIGATORIOS DE CADA PERSOA SOLICITANTE: **NOME, APELIDOS, DNI E TELÉFONO** (SE HAI ALGÚN MENOR DE IDADE HAI QUE FACELO CONSTAR) (TAMÉN SE PODE FACER CONSTAR ALGUNHA NECESIDADE ESPECIAL -**alerxia alimentaria, etc-**)

PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

- AS 20 PRAZAS SERÁN ADXUDICADAS MEDIANTE **SORTEO PÚBLICO** ENTRE AS SOLICITUDES PRESENTADAS (sempre que se sobrepare dita cantidade)
- LEVARASE A CABO NO LOCAL DO IESCHA (NA CASA DA CULTURA) O **MARTES 1 DE ABRIL DE 2025, A PARTIRES DAS 18:15 H.**
- TERÁN ABSOLUTA **PREFERENCIA** NO SORTEO OS SOCIOS E AS SOCIAS DO IESCHA.
- O RESULTADO DO SORTEO SERÁ COMUNICADO A CADA SOLICITANTE MEDIANTE UNHA MENSAXE AO CORREO ELECTRÓNICO USADO NA INSCRICIÓN.

Vilalba, 21 de marzo de 2025
A XUNTA DIRECTIVA DO IESCHA